



BALANCE E ACTUALIZACIÓN DAS LIÑAS PROGRAMA- MÁTICAS DO DECANATO DA FACULTADE DE CIEN- CIAS DA EDUCACIÓN DA USC PARA O PERIODO 2018-2022

Candidatura á reelección como Decana da Profa. Dra. Carmen
Fernández Morante

BALANCE E ACTUALIZACIÓN DAS LIÑAS PROGRAMÁTICAS DO DECANATO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O PERIODO 2018-2022

CANDIDATURA Á REELECCIÓN COMO DECANA DA PROFA. DRA. CARMEN FERNÁNDEZ MORANTE

Logo de catro anos de intenso traballo á fronte do noso centro (2014-2018) e dunha reflexión profunda sobre o que ten suposto tanto para min, como para todo o equipo decanal e para o centro, decidín presentar de novo a miña candidatura á reelección como decana da Facultade de Ciencias da Educación.

Foron catro anos difíciles non só pola complexidade do noso centro senón tamén polas condicións nas que tivemos que afrontar a nosa misión: cunha merma de recursos económicos e materiais moi significativa, unha burocratización crecente, unha perda constante de profesorado, unha insuficiencia crónica de PAS que acumula sobrecarga de traballo, algunhas medidas académicas que precarizaron máis se cabe, a nosa actividade docente e investigadora, golpeando na “liña de flotación” dos nosos títulos (Prácticum) e tamén algunhas medidas de reaxuste orgánico que xeraron importantes friccións e dificultades de xestión (fusión dos departamentos, reorganización do PAS do centro). Teño para min que nestes catro anos non só se consolidaron os desequilibrios existentes na universidade, senón que nalgún momento nos levaron a situacións inéditas e ata o borde do colapso.

A pesares disto, e grazas ao esforzo de todas e todos na medida das súas posibilidades, nestes catro anos avanzamos como comunidade en moitos aspectos e acadamos logros salientables nos nosos plans de estudos, na nosa visibilidade e proxección exterior, na nosa actividade de extensión cultural e na prestación de servizos á comunidade educativa galega. Non podo negar que non é suficiente e que temos aínda moitos elementos que mellorar e nos que crecer como comunidade, pero tamén quero pensar que nos tempos vindeiros poderemos desfrutar de mellores condicións que nos permitan avanzar cualitativamente e incrementar a ilusión polo que facemos, asumir novos retos persoais e colectivos e sobre todo acadar unhas condicións de traballo non só dignas, senón axeitadas para dar o mellor de nós á USC e a sociedade galega. Por iso penso que paga a pena esforzarse e dedicar todas as nosas enerxías na dirección do centro e completar, ata 2022, xunto co meu equipo, o proxecto que iniciamos no 2014.

Desde o convencemento persoal de que os cargos de xestión nas institucións públicas non son outra cousa que prestar un servizo a toda a comunidade e facer da organización un espazo comfortable para todas e todos sen distinción, onde todos os seus membros poidan desenvolver as súas funcións e visións da universidade, e en definitiva responder a encomenda que a sociedade nos fai, decidín concorrer nun segundo mandato ás eleccións de decana/o do noso centro.

Presento a miña candidatura mantendo as sete liñas estratéxicas que foron comprometidas no programa de goberno do 2014 e que foron as que guiaron as accións e decisións emprendidas no primeiro mandato. Daquela presentaba un programa de goberno orientado a afrontar un momento delicado e crítico para toda a comunidade educativa asentando unhas bases sólidas sobre as que construír e mirar cara ao futuro. Pode dicirse que transitamos por eses “mares turbulentos” intentando non só atravesalos sen perdas, senón facelo se cabe saíndo reforzados e, porque non dicilo, tamén -modestamente- acadando algúns logros colectivos largamente ansiados. Sobre estas bases sólidas e a pesar dalgunhas das dificultades que aínda persisten, penso que as sete liñas de actuación marcadas no 2014 seguen tendo vixencia e deben orientar o período seguinte. Algunhas máis consolidadas, outras que precisan

afianzarse ou redefinirse con novos retos e todas elas actualizadas consonte o momento e contexto no que nos atopamos agora no 2018.

No seguinte documento faise polo tanto un balance dos resultados acadados nas liñas e accións do noso programa de goberno e dos avances e novos retos e prioridades que se nos presentan para este novo cuatrienio.

Sigo pensando e crendo que o funcionamento e mellora deste centro é unha realidade conxunta de todos e todas as que o integramos e polo tanto, unha responsabilidade compartida, pero tamén que lle corresponde ao equipo decanal liderar e organizar colexiadamente a actividade académica para que todas/os poidamos desenvolver o noso traballo nas mellores condicións e desde unha visión compartida. Por esa razón o noso programa e accións sempre estiveron e estarán abertas as achegas, axudas, inxedanzas e propostas de todos os membros do centro que poidan e mesmo queiran contribuír neste mesmo obxectivo. Neste sentido vense reflectidas nas propostas moitas das presentadas e suxeridas nas conversas e reunións mantidas estes días e recollidas ao longo do mandato e que temos o convencemento que hai que incorporar.

Neste documento preséntase tamén ao final o equipo e estrutura de goberno, mantendo a mesma do primeiro mandato xa que a experiencia destes catro anos amosou a súa pertinencia para asumir coas mellores garantías esta nova etapa. Neste senso quero recoñecer o meu profundo agradecemento a cada un deles polo traballo realizado, pola complicidade e capacidade de facer equipo, pola dedicación constante e bo talante e pola enerxía e xenerosidade que amosan afrontando novamente esta responsabilidade. Sen dúbida este balance da conta sobre todo do seu bo facer e da súa capacidade para buscar solucións aos constantes dilemas e decisións que debemos adoitar no día a día do centro. De todas elas síntome e son responsable e corresponsable: dos acertos e das limitacións ou erros tamén, que puideron derivarse.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

Esta candidatura fixou 7 liñas de actuación no 2014 que logo dun primeiro mandato continúan viventes e adoitan unha necesaria actualización ou redefinición tendo en conta as actuacións acadadas, as que precisan ser continuadas e os novos retos que trae consigo o contexto actual, sen dúbida algo diferente.

- ▶ **LIÑA DE ACTUACIÓN 1.** Proxección exterior, visibilidade institucional e vinculación cos axentes educativos e sociais.
- ▶ **LIÑA DE ACTUACIÓN 2.** Impulso do liderado da USC nas titulacións de Ciencias da Educación no SUG: mellora da docencia, renovación de acreditacións e consolidación da oferta de pos-gradao.
- ▶ **LIÑA DE ACTUACIÓN 3.** Acompañamento, dinamización e fidelización do alumnado
- ▶ **LIÑA DE ACTUACIÓN 4.** Apoio aos departamentos e unidades administrativas no desenvolvemento das súas funcións e especialmente no relevo do cadro de PDI e PAS do centro.
- ▶ **LIÑA DE ACTUACIÓN 5.** Apoio aos grupos de investigación e ao profesorado novel na súa actividade científica.
- ▶ **LIÑA DE ACTUACIÓN 6.** Cohesión, convivencia e integración real do noso centro en base aos recursos e potencialidades complementarias que temos.

LIÑA DE ACTUACIÓN 7 (TRANSVERSAL)

Divulgación, extensión cultural e normalización lingüística.

COMPROMISO E ÉTICA QUE SUSTENTA ESTA CANDIDATURA

Seguimos a manter o convencemento de que ningunha proposta de goberno é neutra, nin nas súas intencións –que implican unha dirección- nin nas súas formas –que indican o como se vai abordar o exercicio de funcións. O equipo que configura esta proposta e nomeadamente quen a encabeza, segue crendo firmemente que unha visión común sobre o noso futuro e decidir cara a onde imos, un bo clima de traballo e a implicación de todas e todos nas decisións e actividades do centro son as tres claves que nos poden conducir ao éxito e a mellora. Por iso mantemos seis compromisos e **engadimos dous máis** ao final que levan implícitos uns principios de funcionamento claros:

1. Lealdade coa institución, coherencia e honradez nas nosas decisións académicas.
2. Igualdade-horizontalidade. Todas as persoas somos precisas e non sobra ninguén nin nada do que conforma o noso centro (persoas, titulacións, departamentos e áreas, estruturas administrativas, organizacións estudantís, etc.)
3. Pacto e consenso na toma de decisións que afecten a toda a comunidade educativa e/ou a unidades desta. Planificar, vertebrar intereses comúns e favorecer a proxección de todas e todos.
4. Información e transparencia. Claridade e inmediatez para ser eficaces e conformar estratexias xuntos.
5. Estimulo e apoio ás iniciativas que xurdan desde o propio centro.
6. Dedicación. Actitude e tempo.
7. **Optimización dos procesos organizativos e procura de espazos para a reflexión compartida.**
8. **Clara vontade de mellora e crecemento como grupo humano e comunidade académica. O “status quo” como estratexia non é a alternativa.**

LIÑAS DE ACTUACIÓN E MEDIDAS CONCRETAS

O programa presentado no 2014 estaba conformado por sete liñas de actuación nas que se detallaban e explicaban medidas concretas. Compre agora pensando nun segundo mandato destacar as accións acadadas e a súa vixencia, as que aínda precisan traballo para completarse ou incluso iniciarse se non foron abordadas e engadir ou actualizar no contexto actual outros retos novos polos que traballar.

Liña de actuación 1.

Proxección exterior, visibilidade institucional e vinculacións cos axentes educativos e sociais

Se no 2014 constatábase a debilidade da educación na sociedade e o retroceso do sistema educativo derivado dunhas políticas claramente antisociais. Neste momento de cambio e necesario consenso político, a educación amosouse como factor clave para saír da crise social e económica que atravesamos. A Educación hoxe é unha ferramenta necesaria no imaxinario social pero as visións e distorsións sobre a súa función social requiren de nós un mensaxe nítido e unívoco de defensa do ensino público como garante da xustiza e da equidade social, e da educación como ferramenta de desenvolvemento humano e de equilibrio social.

A Universidade desenvolve unha función social clave e as facultades de Ciencias da Educación debemos continuar sendo referentes na defensa da ensinanza pública e da cultura cun discurso firme, fundamentado e compartido cos distintos axentes educativos.

Nesta liña propoñemos 7 medidas:

1. Maior presenza nos medios de comunicación social mediante unha estratexia corporativa que permita dar resposta aos problemas, conflitos e propostas educativas emerxentes. Dispoñemos de profesionais cualificados para liderar un discurso potente en todos os ámbitos e campos de coñecemento educativo. Non podemos permitir que outras/os se apropien do discurso educativo con frivolidade e sen coñecemento e esa sexa a mensaxe que chega á sociedade.

BALANCE: Nestes 4 anos foron constantes as achegas do PDI do centro nos principais debates e temas candentes educativos da nosa contorna. Tanto a decana como o PDI contribuíron en función das súas especializacións nos principais medios galegos (radio, TV e prensa) e outros medios nacionais de grande alcance. A Facultade é consultada e requirida polos medios nos principais debates educativos e é visible como espazo de coñecemento e pensamento crítico e fundamentado. Entendemos esta acción consolidada e de necesaria continuidade.

2. Redeseño da Web institucional: unha web máis dinámica que permita a interacción e comunicación e visibilice o conxunto de servizos que ofrecemos (servizos, programas de formación, metodoloxías, instrumentos, recursos, formación, creacións artísticas, solucións e innovacións educativas, investigación e coñecemento experto...) respondendo ao tempo ás esixencias de información dos procesos de seguimento e acreditación de títulos.

BALANCE: Fíxose unha reforma completa da web da Facultade, a pesares das limitacións do xestor web da USC, coa finalidade de convertela no principal instrumento de difusión das actividades do centro e dos seus membros, da documentación institucional, da información das titulacións para o seguimento e unha maior transparencia nos procesos. Na actualidade toda a información académica necesaria para o alumnado e o profesorado está organizada e dispoñible en tempo e forma, tamén toda a información relativa aos procesos de xestión de calidade así como a oferta de actividades culturais, de normalización lingüística e de mobilidade. Trátase por tanto dunha web dinámica en cuxos contidos contribúe toda a comunidade académica e que actualmente xa cumpre todos os requisitos dos procesos de seguimento e acreditación dos 9 títulos. Entendemos esta acción consolidada e de necesaria continuidade.

A maiores foi creada a rede social da Facultade de Ciencias da Educación da USC en Facebook (@CCEEUSC) que se actualiza continuamente e na que se difunde tanto a información académica

relevante para o noso alumnado (apertura de prazos da USC e do centro, publicación na web de documentación dos títulos) como outras noticias de interese para a nosa comunidade. Na actualidade conta con máis de 700 seguidores/as e vaise consolidando como punto de información de referencia/preferencia do alumnado.

3. Presenza activa no colexio de decanos das Facultades de Ciencias da Educación especialmente nun momento en que os graos xa foron plenamente implementados e estamos en condicións de avaliar os resultados da reforma, nun momento en que as titulacións están sendo cuestionadas con claros intereses (3+2)

BALANCE: A decana do centro incorporouse en representación das/os decanas/os de Educación do SUG a comisión permanente da Conferencia Nacional e a proposta do presidente asumiu durante estes últimos dous anos e medio a secretaría da “comisión ejecutiva” da mesma. A participación neste órgano requiriu una dedicación intensa pero ao tempo permitiu visibilizar o centro e coñecer de primeira man e dar a coñecer, na facultade, os principais debates que tiveron lugar no escenario nacional para a negociación dun posible pacto educativo e unha reforma do acceso á profesión docente e a formación do profesorado. Entendemos esta acción consolidada e de necesaria continuidade e asumimos o reto de continuar traballando activamente na executiva da conferencia nacional no proxecto de bases sobre a formación e o acceso á profesión docente e na interlocución coas administracións e axentes educativos cara a lograr unha proposta de consenso.

4. Intensificar o contacto e a colaboración cos colexios e asociacións profesionais, ANPAS, institucións e asociacións educativas da nosa contorna, servizos educativos dos concellos, movementos innovadores, etc.

BALANCE: Pode dicirse que diversidade de asociación civil, concellos, sindicatos e institucións públicas recorren ao centro para propoñer a organización conxunta de actividades de interese educativo ou para sumarse a aquelas que desde o centro e co traballo de todo o PDI e investigadores/as se realizan. Nestes catro anos foron múltiples as colaboracións realizadas das que da conta o histórico de noticias da Web. Na actualidade dispoñemos dunha base de datos con todas as entidades e profesionais que colaboraron, amosaron interese pola actividade do centro ou propuxeron a celebración conxunta de eventos de interese para o centro. Conforman unha rede de colaboración de grande interese para seguir construíndo esta acción. Entendemos esta acción consolidada e de necesaria continuidade.

5. Intensificar a participación da facultade no programa “A Ponte”, promovendo as visitas de centros educativos á facultade e a presenza de profesorado nos centros de ensinanza media para difundir a oferta.

BALANCE: A pesares das limitacións nos espazos e tempos académicos nos últimos catro anos recibimos como anfitrións entre 800 e 1000 alumnas/os de secundaria por curso para dar a coñecer a nosa oferta formativa e perfís profesionais coa axuda do profesorado do centro. Entendemos esta acción consolidada e con continuidade.

6. Intensificar a mobilidade Internacional dos membros do noso centro e a proxección Internacional do mesmo.

BALANCE: As porcentaxes de mobilidade cara a fora do alumnado da facultade sitúanse na media da USC (2,5% do alumnado matriculado nos últimos 3 anos). No relativo ao alumnado de fora da USC a porcentaxe sitúase un pouco por baixo da media da USC nos últimos 3 anos (1,48% fronte 1,8-2%). A elevada matrícula nos títulos obriga a reducir as cotas de prazos de alumnado prove-

niente de outros centros e a variable lingüística tamén limitan as posibilidades de recibir alumnado internacional (ausencia de materias ofertadas en lingua estranxeira). Entendemos que compre seguir traballando nesta acción especialmente na procura dunhas maiores taxas de mobilidade do alumnado do centro.

7. Crear un catálogo dinámico de servizos educativos que ofrecemos desde o centro (grupos de investigación, áreas e departamentos, profesorado en particular...)

BALANCE: No relativo a esta acción pode dicirse que non se consolidou nestes catro anos en parte pola dedicación intensa que requiriron outras accións e en parte polo cambio na visión sobre a xestión da investigación e a transferencia na USC. Actualmente a USC avanza nun modelo de desvinculación dos grupos de investigación das facultades e departamentos e de reorganización noutras estruturas (centros de investigación, unidades de transferencia). Aínda así poden destacarse as accións realizadas nesta liña cara á:

- a creación e vinculación á Facultade da nova unidade de investigación e Intervención en Dislexia que iniciou recentemente a súa actividade no campus vida.

- A participación coordinada desde o decanato de todos os grupos de investigación con sede no centro no deseño da Estratexia Galega de Economía Circular, concretamente do eixo relativo á "Educación e Formación"

Entendemos que esta acción debe revisarse en función da política de xestión da I+D e da transferencia da USC sen renunciar á oferta de novos servizos do centro que sexan de interese para a comunidade educativa.

Engádense dúas novas accións a desenvolver no período 2018-2022

8. Recuperar o Premios María Barbeito pensados para centros educativos públicos que destaquen pola innovación educativa de xeito que permitan incrementar as redes de colaboración con centros educativos, centrándose en temáticas educativas e retos de absoluta actualidade.

9. Manter a dinámica de colaboración e traballo conxunto do grupo de traballo da Consellería de Educación e as universidades do SUG creado no 2014 para a mellora da formación do profesorado en Galicia.

Liña de actuación 2.

Impulso do liderado da USC nas titulacións de Ciencias da Educación no SUG: mellora da docencia, renovación de acreditacións e consolidación da oferta de máster e posgraos.

Non existindo na actualidade ameaza aparente asociada á duplicidade de títulos existentes en Galicia, pero sendo conscientes das tendencias políticas a revisar e incluso redimensionar a oferta de prazas nas titulacións universitarias, compre apostar polo valor estratéxico que comporta situarse como referente das Facultades e titulacións de Ciencias da Educación do SUG.

Nesta liña propoñemos 16 medidas:

1. Planificar e promover a acreditación do centro a medio prazo conforme ás novas normativas en desenvolvemento da ANECA (coa finalidade de reducir burocracia e trámites administrativos nos procesos de verificación e seguimento de títulos)

BALANCE: No relativo a esta acción pode dicirse que non se puido realizar nestes catro como ocorreu en case a totalidade dos centros da USC. Non somos optimistas en canto á súa viabilidade pero tampouco queremos renunciar a ela. Non obstante a complexidade do centro con 9 titulacións oficiais e dúas sedes, tendo en conta os requisitos esixidos na actualidade pola ANECA non a fai viable a curto prazo. Máis ben pode selo en centros con poucas titulacións e que dispoñan de recursos materiais e humanos suficientes e menos interaccións nos seus títulos con outros centros. Entendemos que esta acción segue sendo estratéxica e mantense en estudo a consecución da acreditación de centro.

2. Implicar a todo o centro no seguimento dos títulos e a renovación das acreditacións posto que as consecuencias destes procesos teñen un grande alcance no futuro do centro (estabilidade das comisións de coordinación, coordinación Santiago-Lugo nos graos de mestre, implicación no proceso de renovación das acreditacións inminentes dos graos)

BALANCE: Mellorouse a dinámica de seguimento dos títulos coa consolidación das comisións de coordinación dos mesmos e a constitución da comisión intercentros coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo e a Comisión de Calidade do noso centro.

Renováronse as acreditacións dos catro graos e dos másteres de Profesorado de Secundaria, Procesos de Formación e Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento.

Tamén se incorporou o Máster de Igualdade as dinámicas de seguimento anual da calidade despois de que o mesmo tivese que renovarse e volver a certificarse pola ANECA.

Anualmente preséntanse os informes de seguimento das oito titulacións que ata este curso se impartían no centro obtendo xa en todos eles informes favorables. Tamén se elaborou e presenta anualmente a memoria de calidade do centro.

Entendemos esta acción consolidada e con continuidade xa que o centro xerou, dado que no 2014 non estaban creados, todos os procedementos e instrumentos necesarios para dar resposta aos procesos de seguimento e de renovación das acreditacións de todos os títulos.

3. Conseguir a renovación das acreditacións de todos os títulos oficiais do centro (graduando o proceso nos graos e anticipándonos se é posible)

BALANCE: No período 2014-2018 renováronse as acreditacións de todas as titulacións de grado e máster da facultade. A través da elaboración dos informes de seguimento anuais e a recollida de evidencias dos distintos títulos (ano a ano) estamos en boas condicións para a vindeira nova acreditación das titulacións do centro que terá lugar no período 2018-2022. Acción consolidada.

Tamén se reactivou a Comisión intercentros para os Graos en mestre/a de Educación Infantil e de Educación Primaria garantindo a coordinación dos dous centros da USC que impartimos ambos graos. Este factor foi clave para obter informes positivos de seguimento nestes títulos.

4. Planificar a medio e longo prazo a estrutura de títulos do centro garantindo a continuidade mediante estudos de postgrao que dean resposta aos itinerarios profesionais de todos os graos do centro (catálogo estable e ben dimensionado)

BALANCE: No período 2014-2018 completouse o catálogo de titulacións oficiais do centro mediante a implantación do dobre grao mestre infantil e primaria e dun novo máster axeitado ao perfil profesional dos mestres e mestras. Ambas propostas contan cunha elevada demanda e ademais o novo Máster Interuniversitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para a Educación Infantil e Primaria da resposta a un obxectivo de especialización docente das/os nosas/os graduadas/os de maxisterio e dos mestres e mestras en activo largamente procurado desde a implantación dos graos.

Tamén se implementaron gradualmente, debido ao incremento de recursos docentes que comportan, os cambios nos plans de estudo dos graos de mestre/a aprobados no anterior mandato. Entendemos esta acción consolidada e con continuidade.

5. Manter unha oferta de prazas ben dimensionada conforme aos recursos humanos e as infraestruturas e medios dispoñibles (nestes momentos de crise e falta de recursos priorizar a calidade e a estabilidade fronte ao crecemento)

BALANCE: Pode dicirse que esta acción está consolidada. Ao longo do período 2014-18 acadamos un axuste progresivo da matrícula real coas prazas definidas nas memorias verificadas. Partindo dunha situación de desbordamento crónico das prazas de novo ingreso en todos os títulos xa que logo cada novo curso se superaban amplamente os límites de prazas aprobados polo centro e polo Consello de Goberno, na actualidade as prazas de novo ingreso axústanse á propostas nas memorias verificadas. Aínda así os recursos humanos e as infraestruturas do centro seguen sendo insuficientes

Aínda que a nota de corte, sendo o único valorado na actualidade, non é o único elemento relevante para a selección do alumnado de Ciencias da Educación, hai que destacar que no período 2015-16 a 2017-18 as notas de corte dos catro graos subiron entre 0,8 e 1,5 puntos, sendo as máis altas dos títulos de educación do SUG (Grao en Pedagogía de 6,6 a 7,95; Grao en Educación Social de 6,1 a 7,6; Grao de E. Primaria de 7,4 a 8,7 e Grao de E. Infantil de 7,8 a 8,6). Tamén hai que salientar que as notas de corte do dobre grao de mestre no seu primeiro ano de implantación foi de 11,85. Entendemos esta acción consolidada e con continuidade.

6. Elaborar a PDA desde unha visión conxunta de centro e da necesaria complementariedade e colaboración entre as áreas e departamentos implicados nos títulos (estratexia imprescindible xa ante a falta de resposta ás imperiosas necesidades docentes que se producen nas áreas)

BALANCE: A insuficiencia de profesorado para impartir o encargo docente asignado ao centro seguen a ser unha realidade. Esta situación precaria obriga a unha análise e negociación da PDA coa vicerreitoría. A maiores a implementación dos cambios nos planos de estudo aprobados, no mandato anterior, incrementan coxunturalmente os grupos nalgunhas materias. Esta realidade dificulta en gran medida facer unha proposta global e estable da complementariedade e das posibles colaboracións entre áreas de coñecemento e departamentos e xera moitos inconvenientes na xestión da docencia desde as coordinacións de áreas e os departamentos. Esta liña continúa a ser estratéxica e en estudo á espera de contar de xeito estable cos recursos de profesorado necesarios para asumir o encargo docente da PDA.

7. Axustar os grupos da PDA ao número definitivo de matrícula (revisión e solicitude de axustes ao

XOPRA ao peche de matrícula) e as ratios establecidas pola universidade.

BALANCE: Co peche da matrícula fíxose o estudo, cada curso académico, da ratio definitiva de alumnado por grupos aínda que apenas se puideron facer axustes pola falta de capacidade docente das áreas/departamentos aos que non se lles dotou coas prazas de profesorado solicitadas en función das súas necesidades. Foron manifestas as necesidades docentes non cubertas no inicio dos catro cursos do mandato e as problemáticas constantes ocasionadas nos títulos e no alumnado por esta situación. Nos informes de renovación de verificación dos títulos, os avaliadores/as deixaron constancia de como a falla de profesorado ameazaba a viabilidade dos títulos de grao e do máster de profesorado de secundaria. Esta liña continúa a ser estratéxica e en curso á espera de contar coa capacidade docente necesaria de xeito que as ratios profesorado/alumnado, no noso centro, se axusten ás ratios promedio da USC e definidas “teoricamente” na normativa de Programación Académica Anual.

8. Reforzar as estruturas de coordinación dos graos, simplificar as dinámicas de coordinación e implicar ao alumnado na análise da realidade (menos burocracia e unha estratexia/protocolo de actuación común en todos os graos)

BALANCE: Unha vez establecidas as estruturas de coordinación dos títulos e preciso consolidar protocolos de traballo estables e implicar a todo o profesorado e alumnado na análise da realidade e na proposta de melloras viables que faciliten a calidade real das titulacións. Entendemos esta acción consolidada e con continuidade.

9. Impulsar e difundir o servizo de recursos psicopedagóxicos do centro.

BALANCE: Se ben no período 2014-18 se reforzou, coa compra de novas adquisicións o Servizo de Recursos Psicopedagóxicos compre, compre difundilo e impulsar a súa actividade mediante a busca de alternativas que garantan un horario estable de atención ao público e un maior coñecemento dentro e fora da Facultade. Entendemos esta acción iniciada e con continuidade.

10. Impulsar e facer máis operativa a Comisión da Biblioteca.

BALANCE: O descenso constante de orzamento para a adquisición de fondos para a biblioteca, así como o incremento do uso de recursos dixitais abertos, polo alumnado e profesorado, limitou bastante a actividade da Comisión. As actuacións nesta acción limitáronse á actualización dos membros coa representación dos departamentos e a dinamización da formación de persoal dos grupos de investigación no uso do repositorio da USC impartida polo persoal da Biblioteca. Entendemos que esta acción precisa continuidade e mellorar.

11. Instar nos órganos e estruturas correspondentes (Colexio de Decanos, Claustro, Consello de Goberno, Comisións Delegadas, etc.) á simplificación e ao apoio técnico preciso nas tarefas administrativas dos procesos de calidade (grao, máster e doutoramento)

BALANCE: Esta acción require actuacións non só propias do centro senón centralizadas da USC. Neste período, a nivel de centro, habilitáronse diversos procedementos destinados a optimizar e axilizar a xestión como formularios online para a asignación de titores/as de TFG e os novos procedementos de cambio de grupo. Ambos permitiron anticipar procesos e mellorar na súa resolución, o que resulta de moita importancia para o alumnado (adiantando ao mes de outubro a asignación de titores/as de TFG).

No tocante aos procesos centralizados, participouse de forma experimental na implementación e

posta en marcha dunha nova aplicación de xestión das actas e entrega de TFG. Esta nova forma de proceder segue achegando necesidades de optimización ata a configuración dunha versión final e operativa da ferramenta. Entendemos esta acción consolidada e con continuidade.

12. Mellora do prácticum dos títulos mediante a revisión de protocolos e guías, o seguimento no centro e unha estrutura de convenios renovada e potente que permita desenvolver as prácticas tendo en conta a especificidade de cada título e os seus ámbitos de inserción laboral (renovación e ampliación de convenios, convenio específico coa Consellería de Educación, da Xunta de Galicia, para as prácticas dos títulos de grao en mestre/a que estableza un recoñecemento dos titores/as efectivos/as e un marco común para o dito prácticum dos títulos de grao en mestre/a nas titulacións do SUG)

BALANCE: Rematouse o proceso iniciado polo anterior equipo para asinar o novo convenio do prácticum dos Graos de Mestra e Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria do SUG. Requisito imprescindible para a renovación das acreditación de ambos os dous títulos conducen-tes á profesión regulada.

Elaborouse o protocolo intercentros do prácticum dos Graos en Mestra e Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria (Facultade de Ciencias da Educación/Facultade de Formación do Profesorado) tratando de unificar e coordinar o modo de actuar, en materia de prácticum, nos dous centros que compartimos graos e simultaneidade de estudos nos títulos de mestre/a en Infantil e Primaria.

Adoptáronse protocolos de prácticum comúns (calendarios, documentos, revisións, acreditacións de titores/as, etc.) en todos os prácticum do centro.

Incrementáronse os convenios de prácticum do centro e consolidouse unha rede sólida de centros colaboradores en todas as titulacións de Grao.

Entendemos esta acción consolidada e con continuidade.

13. Mellora do TFG dos títulos do centro mediante a flexibilización e o desenvolvemento de diversas modalidades de presentación, o establecemento de criterios de avaliación comúns e equilibrados coa natureza e condicións nos que se desenvolven os TFG.

BALANCE: No curso 2016-17 púxose en marcha unha segunda modalidade de avaliación para os TFG: avaliación por titor/a. Para tratar de garantir unha maior obxectividade e coherencia entre as avaliacións por tribunal e por titor/a elaboráronse unhas primeiras versións de rúbricas de avaliación do TFG. Tamén se elaborou un cuestionario para facer o seguimento da implantación das dúas modalidades.

Da análise das cualificacións obtidas polo alumnado de Grao no último ano de aplicación exclusiva da modalidade tribunal (2015-16) e o primeiro de aplicación das dúas modalidades tribunal e titor/a (2017-18), podemos inferir que:

- o número de alumnado non presentado, na materia TFG diminuíu moi significativamente (de 147 a 63)
- número de alumnado aprobado non experimentou cambios significativos (de 379 a 370)

14. Instar nos foros correspondentes, coa complicitade doutros centros coas mesmas problemáti-

cas (como a Facultade de Psicoloxía) ao recoñecemento da dedicación real que esixen os TFG, TFM, o Prácticum e as prácticas obrigatorias nos nosos títulos.

BALANCE: A realidade nesta cuestión foi moi decepcionante tendo en conta as modificacións feitas unilateralmente polo equipo reitoral do período 2014-18. A pesar da recorrente solicitude de todos os centros da USC de mellora no recoñecemento das horas de dedicación do PDI ao TFG e TFM, non mudou ata o curso pasado cun aumento insuficiente que foi negativamente compensado, no noso centro, cunha redución unilateral e drástica do recoñecemento de horas de dedicación ao prácticum, golpeando a “liña de flotación” dos nosos títulos. Esta liña continúa a ser estratéxica e compre traballar intensamente ante o novo equipo reitoral e a universidade no incremento do recoñecemento do prácticum e dos TFG e TFM.

15. Axilizar e facilitar/automatizar os procesos de convalidación de materias inter-títulos de Ciencias da Educación (táboas de convalidacións que permitan a continuidade e/ou ampliación de estudos do alumnado do noso centro).

BALANCE: Os procesos de recoñecemento de estudos ten avanzado substancialmente coa elaboración das táboas de validacións entre titulacións do centro (e en acordo coa Facultade de Formación de Profesorado nas titulacións que compartimos) e coa adopción de táboas de mínimos para o recoñecemento de estudos de titulacións afíns que solicitan os e as estudantes que proveñen doutras universidades (A Coruña, Vigo, Salamanca, UNED, etc.)

Así mesmo temos adoptado acordos estables para a validación da formación básica cando o alumnado que a solicita é de área afín.

Entendemos esta acción consolidada e con continuidade.

16. Impulsar e visibilizar as experiencias innovadoras e exemplos de boas prácticas que se desenvolvan no centro ou noutros centros de referencia e que poidan ser de interese para a facultade.

BALANCE: Trátase doutra das liñas nas que temos avanzado escasamente. Durante o período 2014-15 o centro a través das coordinacións de graos e as memorias de seguimento e calidade aprobadas pola Xunta de Facultade, fixo propostas constantes de accións de mellora dos títulos nas convocatorias da USC que a pesares de seren valoradas positivamente polos servizos de calidade da USC non acadaron financiación nas convocatorias anuais da USC. A insuficiencia orzamentaria das partidas de mellora da USC e os máis que discutibles criterios de adxudicación aplicados (esta percepción é compartida pola maioría de decanas e decanos da USC e foi debatida no foro de decanas/os) impediron que moitos centros puideran levar adiante as accións de mellora comprometidas nos informes de seguimento. Polo tanto esta medida considérase estratéxica e compre esixir ao equipo reitoral que garanta en todos os centros os fondos necesarios para por en marcha as accións de mellora comprometidas nos informes de seguimento e articular, desde o centro, medidas específicas dentro do orzamento que permitan implementar experiencias innovadoras na docencia.

Engádense 12 novas accións a desenvolver no período 2018-2022

17. Impulsar as funcións e estrutura do Servizo de Recursos Psicopedagóxicos mediante a actualización da web e o regulamento, a elaboración dun informe anual/bianual de actividade, o establecemento de colaboracións co alumnado bolsreiro de colaboración dos departamentos que permita ampliar o horario de atención ao público.

18. Por en marcha medidas que promovan e intensifiquen o uso e consulta das revistas da Biblioteca para favorecer o mantemento das mesmas entre os fondos de Ciencias da Educación.
19. Analizar e mellorar a adscrición dos centros de prácticum as especificidades das titulacións para que se faga mellor o traballo nos perfís profesionais dos títulos que impartimos e contribúa á mellora da inserción laboral do alumnado.
20. Elaborar o protocolo de prácticum dos Graos en Educación Social e Pedagogía.
21. Revisar e aprobar unha proposta estable de adscrición da materia prácticum as áreas de coñecemento.
22. Asinar un novo convenio de prácticum para o máster Interuniversitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para a Educación Infantil e Primaria que contemple a especificidade do mesmo e nos permita incorporar centros para a realización de proxectos innovadores nas didácticas específicas.
23. Nomeamento dun coordinador/a de calidade do centro
24. Creación dun protocolo común de coordinación dos títulos de Grao que incorpore os procedementos exitosos que están xa funcionando.
25. Implementación dos cambios nos plans de estudos aprobados para os Graos de Pedagogía e Educación Social
26. Estudar e procurar estratexias que permitan recuperar a oferta formativa do centro no ámbito da Psicopedagogía.
27. Formalizar na Biblioteca un espazo especializado en Socioloxía da Educación "Profesor Antonio Vara" derivado do fondo bibliográfico doado ao noso centro pola súa familia.
28. Convocatoria interna, na medida que a dotación orzamentaria do centro o permita, de axudas de mellora da calidade da docencia que promovan experiencias de innovación educativa nos Graos.

Liña de actuación 3.

Acompañamento, dinamización, participación na vida do centro e fidelización do alumnado

Para ser referentes non só precisamos unha oferta atractiva e ben dimensionada senón tamén dar un salto cualitativo nos procesos de acompañamento e formación do noso alumnado. Compre introducir medidas orientadas a mellorar a súa experiencia académica, social e cultural no seu paso polas nosas aulas.

Nesta liña propoñemos 9 medidas:

1. Diseñar un plan de orientación académico-profesional para o alumnado do centro que ofrezca asesoramento baixo demanda no seu itinerario académico e na transición á vida profesional co

apoio do Servizo de Orientación da USC.

BALANCE: Estamos comenzando a traballar, como acción de mellora das titulacións de grado, nun plan e orientación académico-profesional do alumnado de grado. Enviáronse a finais do curso 17-18 as enquisas para recollida de datos sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado na nosa facultade.

No ámbito da orientación do alumnado téñense desenvolvido as seguintes accións:

- Procedemento de acollida e orientación de estudantes de novo ingreso: xornadas de presentación, orientación e información para o alumnado de 1º curso na primeira semana .
 - Sesión explicativa para o alumnado de novo ingreso, na segunda semana lectiva, sobre a organización, acceso e posibilidades que a Biblioteca lles ofrece no seu proceso formativo levada a cabo polo persoal da Biblioteca da Facultade.
 - Programa Alumnos/as Tutores/as, aínda en nunha fase moi inicial pola dificultade de atopar alumnado dispoñible.
 - Sesións de divulgación sobre o Traballo Fin de Grao co alumnado de 4º curso no mes de novembro.
 - Curso de orientación de busca documental para a realización do TFG dentro do Plan de Formación da Biblioteca da Facultade.
 - Complementariamente, nalgunhas titulacións, e tamén nunha fase moi inicial, estanse levando a cabo co apoio de profesorado presentacións ao alumnado de 2º curso dos itinerarios e materias de 3º e 4º curso, co propósito de mellorar o proceso de selección de materias na matrícula de 3º curso e, polo tanto, favorecer o proceso de toma de decisións.
2. Elaborar un Plan Piloto de Acción Titorial de Centro que permita o seguimento do alumnado desde o seu ingreso ata a finalización dos seus estudos de Grao.
 3. Difundir e dinamizar o Programa de Tutores/as do centro con especial énfase na acollida de alumnado de novo ingreso e de alumnado de intercambio e reforzar a titoría entre iguais.

BALANCE: Accións non iniciadas pero que consideramos estratéxicas a consolidar no período 2018-2022.

4. Crear espazos de colaboración e coordinación continuada entre o decanato e as persoas representantes do alumnado e asociacións estudiantís con presenza no centro (canles de comunicación permanente e bidireccional entre o decanato e o alumnado, xuntanzas periódicas co equipo decanal para a coordinación e planificación de accións académicas, culturais e sociais).
5. Implicar, estimular e favorecer a participación do alumnado nos diferentes servizos e actividades do centro e nos eventos de interese educativo da nosa comunidade autónoma, tecido asociativo e no mundo das organizacións educativas.
6. Promover a representación estudiantil e a implicación do alumnado na vida e órganos do centro desde o seu ingreso no mesmo (Claustro, Xunta de Facultade, Consellos de Departamento...)

BALANCE: Respecto a estas tres accións durante o período 2014-18 mantívose unha comunicación constante cos representantes do alumnado. Tanto cos representantes electos na Xunta de Facultade como co alumnado delegado de curso mediante reunións de traballo por convocatoria do equipo decanal ou do propio alumnado.

Tamén, xurdiron novas estruturas de dinamización do alumnado no centro: as Asembleas de Maxisterio e de Educación Social e Pedagogía coas que a comunicación foi constante e fluída e permitiu realizar algunhas actuacións para dar resposta as súas necesidades sentidas (salas de estudo, mobiliario de traballo para espazos comúns, dotación dun pequeno orzamento para a elaboración de cartaces, instalación de enchufes nas aulas para os seus dispositivos, dotación de ordenadores de empréstamo...); apoiar as súas iniciativas de reunións (espazos), as actividades educativas, sociais e culturais que organizaron e tamén as lexítimas iniciativas de reclamación de dereitos que levaron adiante.

No período referido, establecéronse e sistematizáronse os protocolos de elección da representación do alumnado delegado de curso en todas as titulacións de grao da Facultade e canais de comunicación con el.

O equipo decanal deu soporte, así mesmo, á organización dos actos de graduación de todas as titulacións.

7. Promover a mobilidade e internacionalización e recibir e acompañar ao alumnado de intercambio.

BALANCE: Os datos referidos á mobilidade do alumnado saínte das titulacións da facultade nos últimos 3 anos foron do 2,5% do alumnado matriculado moi similares á media da USC. No relativo á mobilidade do alumnado alleo cara á facultade nos últimos 3 anos son do 1,48%, por baixo da media da USC que é 1.8-2%.

Detectáronse diversos factores que limitan a mobilidade como a diminución e nalgúns casos supresión de bolsas e axudas nos últimos cinco anos e a dificultade de elaborar acordos académicos para que o noso alumnado poida desenvolver prácticum nos diferentes destinos. No sentido inverso ao alumnado recibido no centro facilítaselle a realización do prácticum durante a mobilidade.

Cara a incrementar a mobilidade dos nosos estudantes no exterior formulouse, nos informes de seguimento, unha acción de mellora orientada á realización de maiores esforzos na difusión da información dos diferentes programas de mobilidade e trámites, levando a cabo sesións informativas contando coa implicación dos coordinadores dos graos. Considérase necesario seguir traballando na mesma liña.

8. Dar a coñecer os programas existentes na USC de Certificación e desenvolvemento de competencias transversais no Suplemento Europeo ao Título (SET) e estimular a participación do alumnado neles coa axuda dos diferentes servizos da USC (Biblioteca, Centro de Linguas Modernas (CLM), etc.)

BALANCE: Nesta proposta non se realizaron accións específicas agás favorecer as iniciativas formativas na xestión e busca de documentación científica do persoal de Biblioteca e canalizar a información dos servizos de Biblioteca e CLM. Tamén facendo fincapé a través das coordinacións na importancia da obtención do B1 para acadar o título de grao. A USC non ten avanzado nos últimos anos na creación de programas específicos de desenvolvemento de competencias transversais. Considérase necesario seguir traballando na mesma liña.

9. Habilitar canles e estratexias de seguimento do alumnado egresado e desenvolver unha estratexia de apoio á empregabilidade do noso alumnado (relación co mundo do traballo, difusión/valoración dos perfís profesionais do noso alumnado egresado).

BALANCE: No curso 2016-17 realizouse unha enquisa a alumnado egresado da facultade (grado e máster) que obtivo unha baixa resposta fundamentalmente debido a ausencia de datos de contacto xa que é pouco o alumnado que deixa permiso na universidade para poder ser contactado para facer seguimento unha vez que remata a carreira. Por iso é preciso establecer novas canles de contacto e colaboración como as que se están implementando desde o pasado curso. Considérase necesario seguir traballando na mesma liña.

O colaboración cos colexios profesionais no seguimento e acceso ao noso alumnado egresado é fundamental. Actualmente en Galicia ten un gran percorrido o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, e inicia o seu o que será o futuro Colexio de Pedagogas/os e Psicopedagogas/os de Galicia. Con este fin no mes de novembro se rexistrárase como ferramenta instrumental para a creación do novo colexio a Asociación Pro-colexio de Pedagogas/os e Psicopedagogas/os de Galicia. O equipo decanal ven participando das reunións monográficas coordinadas polo Consejo General de Colegios oficiales de Pedagogía y Psicopedagogía de España cos decanos/as de Facultades que contan co Grao en Pedagogía.

Engádense 3 novas accións a desenvolver no período 2018-2022

10. Creación dun protocolo/normativa para a organización dos actos de graduación con representación institucional similar ao existente noutros centros da USC.

11. Creación dun formulario de recollida de datos de contacto do alumnado egresado, da cordo coa lei de protección de datos, a cumprimentar tras a defensa do TFG.

12. Apoio, desde o centro, na creación do Colexio Oficial de Pedagogas/as e Psicopedagogas/as de Galicia.

Liña de actuación 4.

Apoio aos departamentos e unidades administrativas no desenvolvemento das súas funcións e especialmente no relevo do Cadro de PDI e PAS do centro.

No período 2014-2018 os departamentos e unidades administrativas sufriron especialmente a crise. A perda continuada de PDI sen reposición na meirande parte das xubilacións e a intensificación das tarefas administrativas nunha situación de partida xa deficitaria de PAS, ameazan a viabilidade do centro tendo en conta as funcións e responsabilidades que ten atribuídas.

Non só se acrecentaron as necesidades existentes, senón que as reposicións precarias de persoal feitas e os cambios nas unidades administrativas máis aló de redistribuír os recursos re-equilibrando a situación, comportaron novos problemas asociados: necesidades de espazos, intensificación das tarefas e indefinición/polivalencia dos postos do PAS.

Compre por tanto seguir apoiando aos departamentos na procura de recursos materiais e humanos suficientes, na estabilización do persoal interino e esixindo á xerencia a dotación do PAS que require o

volumen de xestión do noso centro e que non ten actualmente.

Nesta liña propoñemos 10 medidas:

1. Establecer coas direccións dos departamentos un segundo nivel de goberno do centro que permita, mediante reunións periódicas, a visibilización das condicións de traballo do profesorado do centro, a planificación de accións coordinadas, a análise das problemáticas existentes e a busca de solucións conxuntas.

BALANCE: As condicións de traballo do PDI do centro continúan a ser inxustas e favorecedoras de elevado nivel de desgaste e malestar. A situación empeorou no período 2014-18 xa que se xubilaron un número significativo de docentes e as reposicións con prazas estruturais non se realizaron. Incrementáronse os contratos temporais e de dedicación parcial e non se cubriron as necesidades reais de PDI quedando descubertas as actividades docentes con frecuencia. Desde o centro denunciouse e reivindicouse con diversas medidas esta situación e apoiouse as direccións dos departamentos na solución das diversas incidencias e problemáticas sobrevidas. Como accións coordinadas realizáronse escritos aos órganos e cargos con responsabilidade na xestión de PDI, solicitáronse entrevistas co equipo reitoral e apoiouse calquera iniciativa e solicitude de colaboración dos departamentos tratando de garantir sempre os dereitos do alumnado (cambios de horarios, modificacións da PDA, reunións co alumnado).

2. Solicitar, xunto con outros centros e departamentos afectados, unha solución urxente á promoción paralizada do profesorado Axudante Doutor cuns concursos de promoción que foron anulados (agora que a taxa de reposición se incrementou ao 50% debemos esixir a aplicación, en 2015, da normativa laboral vixente). De igual xeito de maneira graduada a de todo aquel profesorado Axudante Doutor do centro acreditado que finalice contrato.

BALANCE: Afortunadamente no período 2014-18 tiveron lugar todos os concursos e estabilizacións das prazas de PDI axudante doutor que permanecían paralizadas.

3. Anticiparse, unha vez aprobada a PDA, ás necesidades de profesorado existente e colaborar cos departamentos na solicitude das reposicións precisas, instando á celeridade na súa cobertura.

BALANCE: A colaboración cos departamentos na elaboración da PDA e na solicitude de reposicións foi constante dentro do marco de competencias de ambos órganos (Facultade e Departamentos).

Lamentablemente a porcentaxe de PDI funcionario da Facultade sobre o PDI total descendeu desde o 66,67% en 2010-11 ata o 36,79% no 2016-17. Estas cifras contrastan significativamente coa media da USC que se sitúa neste mesmo curso (2018-19) no 64,75%.

4. Favorecer a formación do PDI novel mediante a promoción de actividades de formación no centro e a colaboración do profesorado ad honorem no desenvolvemento profesional dos e das máis novos/as.

5. Crear un "Grupo de expertos/as para a mellora docente" integrado por profesorado con ampla e recoñecida traxectoria docente, que poida dar apoio ante demandas específicas de PDI novel (posta en marcha dunha innovacións, desenvolvemento de metodoloxías, observación de aulas, uso de recursos específicos...)

BALANCE: Nestas dúas propostas non se realizaron accións específicas agás favorecer a participa-

ción do profesorado ad honorem nas actividades académicas do centro e impulsar a continuidade da vinculación do profesorado que se xubila mediante esta figura.

A formación do PDI novel enténdese como unha actividade na que necesariamente deben implicarse os departamentos polo que se considera necesario seguir traballando nesta liña baixo un enfoque de colaboración e axuda mutua cos departamentos.

6. Solicitar a dotación dun posto de apoio administrativo asociado á xestión do Máster de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas no campus norte.

BALANCE: Son e foron recorrentes as xestións realizadas para esixir un posto novo de administrativo de apoio ao Máster de Profesorado de Educación Secundaria. Sen éxito polo momento. Trátase dunha medida imprescindible polo que desde o inicio deste curso 2018-19 xa se mantiveron conversas coa xerencia para explicar novamente a situación e solicitar solucións.

7. Apoiar a petición dos departamentos de substitución de persoal administrativo vacante ou de baixa.

BALANCE: No período analizado a estrutura departamental do centro sufriu unha modificación substantiva pola fusión dos seis departamentos existentes no 2014 (tres no norte e tres no campus vida) en dous. En paralelo a estrutura administrativa do centro foi modificada sen incrementar posto algún e establecendo unha dependencia de todo o PAS da unidades de Xestión de centro co conseguinte reparto de funcións. Dita reestruturación das unidades administrativas de centro lonxe de incorporar medidas de redistribución de persoal entre centros en función do seu volume de xestión, consolidou as diferencias existentes entre los centros da USC.

Os departamentos son áxiles e eficaces na xestión das vacantes que se xeran ou baixas de persoal administrativo que se producen e a unidade de xestión do centro responde e xestiona con celeridade todas as situacións sobrevidas.

8. Solicitar (en coordinación con outros centros como Enfermaría, Medicina, Económicas ou Psicoloxía) o desenvolvemento dun módulo específico en xescampus para a xestión do prácticum, prácticas obrigatorias e TFG e TFM que permita simplificar e automatizar tarefas administrativas como a elaboración de actas de TFG e TFM ou a certificación/nomeamento de titores/as do prácticum.

BALANCE: No período analizado avanzouse na creación dun módulo de elaboración de actas de TFG/TFM que está facilitando a xestión e que precisa ainda de optimización.

Respecto ao módulo de xestión do prácticum non se avanzou, polo que compre continuar traballando nesta acción.

9. Simplificar os procesos de achega dos exemplares de TFG e TFM mediante a súa entrega a través das aulas virtuais de coordinación dos títulos e despois en bloque á secretaría do centro (evitando deste xeito a saturación do correo electrónico).

BALANCE: O novo módulo de xescampus para a xestión de TFG/TFM incorporou esta funcionalidade xa.

10 Negociar coa Consellería de Educación a redución de tarefas administrativas duplicadas do Máster de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesio-

nal e Ensinanza de Idiomas como son o nomeamento e a certificación de ter sido titores/as de prácticas.

BALANCE: Ao longo deste período, a través do grupo de traballo das/os decanas/os do SUG e a Consellería de Educación estableceuse unha dinámica de interlocución constante que deu como froito un coñecemento maior pola Consellería das problemáticas e dificultades dos nosos centros e un calendario de traballo no que se incorporaron accións específicas de mellora conxunta: prácticum, coordinación títulos, revisión e sinatura de novos convenios, participación de PDI do centro en actividades de formación permanente do profesorado organizadas pola Consellería, entre outras. Traballaremos neste marco de colaboración e coñecemento mutuo coa finalidade de achegar acordos respecto a xestión actual das tarefas administrativas do máster de secundaria e desenvolver solucións que reequilibren o peso das tarefas administrativas que requiren datos do profesorado titor e que actualmente recaen no centro.

Engádense 1 nova acción a desenvolver no período 2018-2022

11 Desenvolver, en colaboración cos departamentos, un protocolo de acollida do profesorado novel do centro.

Liña de actuación 5.

Apoio aos grupos de investigación e ao profesorado novel na súa actividade científica

No relativo á política científica, a tendencia foi levar fora do ámbito das facultades a actividade investigadora (institutos de investigación) pero facendo recaer igualmente as necesidades de apoio organizativo, de espazos e recursos nas mesmas.

Esta liña por tanto redefínese para o período 2018-22 tendo en conta os cambios na xestión da política científica da USC que foron derivando nos últimos anos cara a outras estruturas e fórmulas de vinculación dos grupos catalogados de investigación como son os centros singulares ou, no noso caso, no proxecto de redefinición do ICE. Por tanto non entra dentro das competencias das Facultades a actividade investigadora, aínda que segue recaendo sobre algunhas delas, como é o caso da nosa, todo o peso das infraestruturas e recursos xa que, a diferenza doutras áreas de coñecemento non contan con infraestruturas singulares de investigación ni programas específicos.

Nesta liña propoñemos 6 medidas no 2014 que deben redefinirse:

1 Crear un “Grupo de expertos/as para o impulso da investigación” integrado por profesorado con ampla e recoñecida traxectoria investigadora, que poida dar apoio ante demandas específicas do PDI novel (coñecemento de convocatorias e criterios de éxito, asesoramento na estratexia de publicación de resultados, asesoramento metodolóxico, etc.)

2 Organizar actividades de formación no centro orientadas ao desenvolvemento de habilidades para a investigación educativa e ao intercambio e re-coñecemento da actividade científica de grupos e investigadores/as contando coa colaboración de profesorado e investigadores/as ad honorem.

BALANCE: *Nestas dúas propostas realizáronse as seguintes accións específicas:*

- Visibilizar e acompañar institucionalmente todas as actividades realizadas por todos os grupos de investigación de Ciencias da Educación con sede no centro.
- Tamén redirixir e establecer sinerxías entre entidades académico-científicas externas e os nosos grupos de investigación.
- Avanzar na medida do posible na procura dun espazo de traballo por grupo de investigación, quedando aínda algún sen el por falla de dispoñibilidade.
- Mellorar as infraestruturas do centro con equipamentos tecnolóxicos que amplíen as posibilidades académicas, científicas e de difusión e intercambio exterior (sistemas de retransmisión de eventos en directo de alta calidade, equipos de videoconferencia e de videogración nas dúas sedes, novos equipamentos didácticos para a experimentación como robots, lousas interactivas ou lousas dixitais).

No relativo á “creación dun grupo de expertas/os ou á formación orientada ao desenvolvemento de habilidades para a investigación educativa e ao intercambio e re-coñecemento da actividade científica de grupos e investigadores/as” e, tendo en conta os cambios anteriormente referidos, enténdese que o seu liderado corresponde aos grupos e redes de investigación polo que se redefine a liña na dirección levada a cabo nos últimos 4 anos como una actividade constante “apoio e colaboración aos grupos de investigación na súa actividade” mediante a difusión, o apoio organizativo e o acompañamento sempre que así o demanden ao centro.

3 Impulsar e apoiar á Asociación de investigadores e investigadoras Herminio Barreiro mediante a visibilización das súas actividades no centro e na universidade, a colaboración na incorporación de novos investigadores/as e a habilitación dun espazo-sede.

4 Apoiar e estimular a organización do Congreso Galego de Investigación en Ciencias da Educación (COGALICE) para garantir a continuidade deste foro.

BALANCE: A Asociación de investigadores e investigadoras Herminio Barreiro non estivo activa neste período na Facultade. Probablemente o fin das actividades académicas ou a redefinición das traxectorias dos seus coordinadores (incorporados xa a grupos e redes de investigación e a súa propia actividade) dificultou a continuidade das actividades da Asociación no noso centro. Tam pouco tiveron lugar desde o 2012 novas edicións do Congreso Galego de Investigación en Ciencias da Educación (COGALICE).

No obstante, tendo en conta tamén a redefinición feita na USC do doutoramento organizado actualmente en programas vinculados á Escola de Doutoramento, e que ambos (os dous programas de educación e a Escola de doutorado Internacional en Artes, y Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas) entre as súas funcións teñen atribuída a competencia da formación de investigadores noveis, enténdese que o impulso da asociación excede as competencias da Facultade, polo que se redefine a liña no mesmo sentido que ás dúas anteriores: cara ao apoio e colaboración coa Escola de Doutoramento e as coordinacións dos dous programas de Doutoramento na difusión, o apoio organizativo e acompañamento sempre que así o demanden ao centro.

5 Difundir de forma coordinada a actividade científica e os resultados de investigación, obtidos por investigadores/as e grupos da facultade (premios, proxectos, publicacións, nomeamentos, etc.). Elaboración dunha memoria anual de I+D+i do centro e publicación da mesma na web e difusión

continuada de actividades e resultados.

BALANCE: Nesta proposta pode dicirse que desde o centro se difundiron a través de todas as canles de comunicación (web institucional, Facebook, correos específicos aos membros da comunidade, pantallas) todas e cada unha das actividades científicas, mencións, premios e eventos que os grupos de investigación e investigadores do centro propuxeron ao decanato para a súa publicación.

Tendo en conta a existencia de novas configuracións e estruturas científicas (redes) que teñen as súas propias canles de comunicación e difusión de resultados e teñen tamén entre as súas funcións a elaboración de memorias de actividade de I+D+i, entendemos que esta acción debe redefinirse no mesmo sentido que ás dúas anteriores: cara ao apoio e colaboración cos grupos e redes na difusión dos seus resultados e actividades tamén a través dos canles de difusión propios da facultade.

6 Promover e visibilizar a nosa presenza en redes científicas e contactos con centros de investigación internacionais.

BALANCE: Ademais da actividade de visibilización e difusión das actividades e grupos de investigación de Ciencias da Educación no Campus Vida feita desde o centro, a recepción protocolaria de múltiples investigadoras/es, decanas/os, directoras/es de centros do contexto nacional e internacional foi una constante nestes catro anos e foi significativa pola súa intensidade. A actividade da decana e os membros do seu equipo entendeuse como unha mediación en moitos casos con outras redes, centros e investigadores/as que acoden ao centro para establecer contactos e definir proxectos de colaboración. Neste sentido foron múltiples as reunións mantidas a proposta de PDI visitante ou a proposta do PDI do centro sempre coa presenza dos membros da Facultade pertinentes en función do perfil e obxectivos das posibles colaboracións (directores de departamento, grupos de investigación, IP de Grupos de Investigación).

Outra actividade salientable cara a visibilizar a nosa presenza foi a incorporación coordinada desde a Facultade dos nosos Grupos de Investigación no deseño da Estratexia de Economía Circular de Galicia (2018-2030). A Xunta de Galicia encargou a elaboración dunha proposta técnica ás tres universidades do SUG e a coordinación da estratexia da USC propuxo incorporar un eixo directamente relacionado co papel fundamental da Educación: o eixo que acordamos denominar "Educación e participación". O traballo no que se implicaron 9 grupos de investigación esta permitindo situar a educación como un eixo clave do cambio cara a un enfoque de produción diferente baseado na sostibilidade, o respecto ao medio ambiente e a potenciación dos territorios. Actualmente o proxecto atópase na fase de coordinación das achegas realizadas pola USC e a UDC cara á elaboración da proposta final.

Enténdese esta acción como unha acción estratéxica, vixente e de continuidade nos vindeiros catro anos.

Engádense 2 novas accións a desenvolver no período 2018-2022

7 Apoio implicación no XVII Congreso Nacional y IX Iberoamericano de Pedagogía que terá a súa sede na Facultade de Ciencias da Educación da USC e se celebrará entre o 1 e 3 de Xullo de 2020. E posible organización do Focus Group en paralelo da WERA cara ao que o centro e a organización do Congreso presentaron xa súa candidatura no mes de agosto de 2018. De ser elixida a proposta como sede será a primeira vez que a WERA organiza en España un evento.

- 8 Conclusión das achegas á elaboración da Estratexia de Economía Circular de Galicia (2018-2030) e elaboración xunto coa UDC do eixo “Educación e participación”.

Liña de actuación 6.

Cohesión, convivencia, integración real do noso centro en base aos recursos e potencialidades complementarias que temos

Quizais se trata da liña máis complexa na que compre acadar estratexias e actuacións creativas que axuden a optimizar os complexos procesos organizativos e de comunicación do centro e a comprometer ao goberno da USC e a toda a comunidade universitaria a adopción das decisións oportunas para a unificación do centro nun único edificio.

No primeiro propósito é preciso priorizar e habilitar con carácter estable espazos de análise conxunto sobre o noso proxecto e misión, o noso percorrido, a nosa complexidade de propostas e intereses, identificando os puntos comúns e asumindo e respectando as diferencias. Procurar a transparencia informativa e a comunicación coidada e facilitadora non só da equipa decanal, mais tamén de todos e todas as estruturas, órganos e axentes de goberno e sectores intervinientes na vida do centro: xunta de facultade, comisións delegadas, departamentos, unidades de xestión, PDI, PAS e alumnado. Nesta procura temos que ser conscientes da necesidade de complementar as vellas e novas canles de comunicación e da necesaria implicación de todas/os nos procesos comunicativos de forma que conectemos máis e mellor co PDI, PAS e o alumnado.

Continua a ser unha prioridade irrenunciable o noso proxecto de unificación nun mesmo edificio, e ao tempo a procura dun espazo seguro, saudable e digno no edificio de Xoán XXIII en tanto en canto o proxecto de unificación non se materialice. Non é asumible a situación actual e débense mellorar progresivamente as infraestruturas do centro, especialmente do edificio do campus norte onde continúan a ser inaceptables e impropias dun centro universitario.

Nesta liña propoñemos 10 medidas no 2014 que deben redefinirse:

- 1 Mellorar progresivamente as infraestruturas do centro, especialmente do edificio do campus norte.

BALANCE: A pesares das limitacións orzamentarias coas que iniciamos o mandato no 2014 (44.172 euros, fronte ao orzamento do 2010 de 144.160 euros), e tendo experimentado unha recuperación no último ano que aínda hoxe nos sitúa por baixo da situación do 2010, no período 2014-18 realizáronse diversos investimentos orientados a renovar progresivamente equipamentos informáticos obsoletos das aulas e laboratorios, incorporar novos equipamentos tecnolóxicos, mudar a configuración de aulas pequenas con mobiliario flexible e realizar numerosos arranxos nas aulas e espazos comúns. Sen ánimo de detallalos todos compre salientar os seguintes:

- Reparación completa da planta 5ª do edificio do Campus Norte, con cambio de xanelas, con cargo ao orzamento centralizado da USC.
- Instalación de “bolardos” nunha zoa parcial do aparcamento do campus vida, con cargo ao orzamento centralizado da USC.
- Aumento de prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida e instalación de es-

truturas de protección ante a chuvia no campus vida con cargo ao orzamento centralizado da USC.

- Mellora da cobertura WIFI dos dous edificios.
- Instalación progresiva de enchufes para facilitar ao alumnado uso de portátiles nas aulas no campus norte (aulas 1, 3, 12, 33..) e nas aulas 1 e 10 do módulo B do campus vida.
- Instalación progresiva de estores e persianas en laboratorios, aulas e despachos do campus norte.
- Reparacións puntuais de xanelas e cortinas en despachos do campus vida.
- Renovación completa dos equipos informáticos do laboratorio TIC do campus norte (aula 31) e instalación de lousa interactiva así como equipamento con novos medios (4 robots)
- Renovación completa de equipos informáticos do laboratorio TIC do campus vida (Aula16).
- Renovación progresiva dos ordenadores obsoletos das aulas do campus norte e vida.
- Renovación progresiva dos videoproxectores das aulas do campus norte e vida e instalación de altofalantes nas aulas de maior capacidade.
- Dotación, no campus norte, de sistema de videoconferencia e actualización da Sala María Barbeiro con equipamento para a retransmisión en directo e a gravación de clases (lousa dixital, atril, portátil, pantalla LCD)
- Creación dunha sala multimedia con posibilidades de gravación e transmisión en directo no módulo B do campus vida (seminario 73)
- Dotación anual de 500 euros a cada laboratorio do campus norte para a adquisición de material específico para a docencia.
- Apertura e adecuación do seminario profesor "Lisardo Doval Salgado" no módulo A do campus Vida a proposta da área MIDE.
- Dotación de mobiliario flexible en aulas do Módulo B do campus vida onde se imparten clases dos graos e máster con grupos reducidos (aula 1 e 10).
- Apertura de dúas salas de estudo para o alumnado unha no campus norte e outra no campus vida.
- Creación dunha nova aula de tecnoloxía con 23 postos no campus vida atendendo as necesidades derivadas do elevado número de materias con grupos de laboratorio que precisan ordenadores (Aula 8).
- Dotación dun sistema de retransmisión en directo e gravación de eventos único na USC no salón de actos do campus vida e actualización equipo portátil.
- Melloras iluminación laboratorios, salón de actos do campus vida, sala de xuntas do campus norte e despachos de persoal con necesidades específicas.

- Dotación e arranxos de novos espazos para as sedes dos dous departamentos trala fusión (no campus norte e vida)
- Dotación de portátiles de préstamo para o alumnado (2 norte e 2 no sur)
- Eliminación progresiva de material obsoleto (TV e soportes, medios en desuso, cadeiras e mesas rotas, retroproectores). Aínda sen rematar no campus norte.

En materia de accesibilidade e seguridade leváronse adiante as seguintes accións:

- Avaliación de riscos e simulacros (realizados no 2016)
- Elaboración do Plan de Autoprotección (17/11/2016)
- Certificación do Plan de autoprotección (15/12/2016)
- Actualización da avaliación de riscos (realizada no 2018)
- Elaboración dun informe da accesibilidade dos edificios da Facultade coa colaboración de COGA-MI. En base a este xestionouse coa reitoría a posta en marcha das obras necesarias para dotar de accesibilidade os baños dos 3 edificios do campus vida nos que non había ningún baño accesible.

2 Promover escenarios para a planificación e a análise conxunta sosegada das cuestións estratéxicas para o centro (relevo, títulos, acción docente, investigación...)

BALANCE: Unha vez asentados os instrumentos e procedementos de xestión de calidade e estabizados os informes de seguimento dos títulos camiñamos cara a establecer protocolos comúns de funcionamento nos graos e espazos de análise conxunta e debate. A experiencia destes anos amosa a necesidade de procurar novos espazos de reflexión complementarios aos órganos de debate e decisión formalmente establecidos, máis tamén a necesidade de atopar tempos nas axendas de todas/os e vontade para este fin. Traballaremos coas coordinacións de título na procura de novos espazos de debate de fondo, tarefa que xa iniciamos no 2018 ao redor do prácticum.

3 Garantir a presenza de todas as áreas de xestión do decanato nos dous campus.

BALANCE: A pesares da insuficiencia de persoal administrativo do centro que obriga a un reparto de tarefas polo PAS dos dous edificios, a profesionalidade coa que traballan e o seu traballo en equipo fai posible na actualidade a realización nos dous campus de todos os trámites e tarefas administrativas.

4 Habilitar espazos nos dous campus que permitan ao profesorado dispor de espazos comúns e confortables en ambas as dúas sedes para o desenvolvemento das súas funcións e a interacción con outros (docencia, titoría, investigación, extensión cultural...)

BALANCE: Cada vez son máis evidentes as limitacións dos espazos dispoñibles e a necesidades que temos de espazos persoais e comúns. O incremento de PDI a tempo parcial dos últimos anos fai inviable a dispoñibilidade de despachos e obriga a traballar en condicións inaceptables (ata 4 persoas nun mesmo despacho). A marxe de mellora excede xa das posibilidades de redistribución e require con urxencia unha solución definitiva relativa ao edificio e a mellora da sede do campus norte.

No período actual, e pensando na mobilidade do profesorado entre os dous edificios, só foi posible a dotación da sala de profesorado “Xoan Vicente Viqueira” no campus vida que fai un bo servizo ao profesorado que se despraza desde o norte, quedando pendente a dotación, cando sexa posible, doutro espazo similar no campus norte.

Estase avaliando as posibilidades de remodelación e reutilización dos espazos recentemente liberados que facían a funcionalidade de “vivenda” no campus norte e a mesma valoración poderá facerse cando concorran as mesmas circunstancias no campus vida.

5 Habilitar e facer visibles, nos dous campus, espazos para o desenvolvemento das funcións de dinamización e representación estudantil do alumnado.

BALANCE: Habilitáronse espazos de referencia e desenvolvemento da actividade da representación estudantil nos dous edificios. Establecéronse os procedementos para o uso doutros espazos do centro para as actividades derivadas da representación estudantil previa petición no decanato (salas de reunións máis grandes, salón de actos, etc.).

6 Visibilizar na web todos os servizos, unidades, grupos de investigación, representantes e asociacións estudantís.

BALANCE: A web institucional mudou por completo neste período na dirección dunha maior transparencia informativa, visibilidade completa dos títulos, estruturas e servizos. Incluíronse as informacións relativas a todos os servizos, unidades e composición dos seus órganos que inclúen á representación estudantil.

7 Actualizar e reorganizar as comisións delegadas da Xunta de Facultade.

BALANCE: No 2017 aprobouse o novo regulamento de réxime interno da Facultade que actualizou o do 2004. O novo regulamento incorporou un debate sobre a aprobación da nova estrutura de comisións delegadas do centro axeitada as necesidades e as esixencias das normativas da USC, autonómicas e estatais. Trala aprobación do novo regulamento procedeuse á elección e renovación dos seus membros e a actualización constante das prazas que quedan vacantes.

8 Promover iniciativas docentes, investigadoras e culturais híbridas.

BALANCE: As iniciativas de reflexión e traballo conxunto dos grupos de investigación en torno a redefinición do ICE consonte a nova normativa de centros de investigación da USC, a participación na estratexia de Economía Circular de Galicia xa comentada e a posta en marcha do novo Máster Interuniversitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para a Educación Infantil e Primaria, constitúen iniciativas híbridas en tanto en cuanto implican o traballo conxunto e coordinado do PDI dos dous departamentos, de todas as áreas e grupos de investigación. A experiencia en todas as iniciativas comentadas avala a continuidade desta proposta.

9 Establecer protocolos comúns en todos os títulos da facultade.

BALANCE: Hai que destacar nesta acción que no período 2014-2018:

- Se elaborou o protocolo intercentros do Prácticum dos Graos en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria (Facultade de Ciencias da Educación/Facultade de Formación do Profesorado) tratando de unificar o modo de actuar, en materia de prácticum, nos dous centros que compartimos grados e simultaneidade de estudos nos títulos de mestre/a Infantil e Primaria.

- Se adaptaron os protocolos de prácticum comúns (calendarios, documentos, revisións, acreditacións de titores/as, etc.) en todos os prácticum do centro.
- Se incrementaron os convenios de prácticum e se consolidou unha rede sólida de centros colaboradores en todas as titulacións que permite agora avanzar nunha asignación máis axeitada aos perfís profesionais dos graos.
- Se aprobou o regulamento dos Traballos de Fin de Grado do centro.
- Se elaboraron as rúbricas de avaliación para os TFG dos catro títulos de cara a establecer pautas comúns de avaliación e mellorar a obxectividade no proceso de avaliación tanto por titor/a como por tribunal.
- Se sistematizaron todos os procesos de calidade requiridos polas axencias avaliadoras que xa se aplican en todos os títulos oficiais da Facultade (órganos, procedementos, actas, recollida de evidencias, calendarios)

10. Promover, na medida do posible, convenio con tarifas reducidas no aparcadoiro de Xoán XXIII para o profesorado do centro.

BALANCE: Fixéronse xestións continuadas coa xerencia a fin de acadar solucións para a mellora nas condicións de aparcamento no campus norte, lamentablemente sen éxito (estudo de convenio específico, ampliación espazo aparcadoiro na fachada principal aproveitando a zoa situada fronte á aula 3, solicitude ao Concello de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na zoa dianteira de Xoán XXIII). A posibilidade de acadar éxito nesta proposta excede as posibilidades e competencias do centro, aínda así seguirá sendo una reclamación constante.

Engádense 9 novas accións a desenvolver no período 2018-2022

11 Esixir ao goberno da USC e a comunidade universitaria unha solución definitiva e un horizonte temporal claro para unificación da Facultade nun mesmo Edificio.

12 Esixir ao goberno da USC unha solución integral para o edificio do campus norte que permita facer o tránsito ao novo edificio en condicións dignas e solucionar a precariedade e perigosidade do edificio de Xoán XXIII.

13 Modificar na medida das posibilidades orzamentaria o mobiliario fixo das aulas de grande grupo do campus norte.

14 Mellorar a imaxe física do centro no campus norte (espazos comúns)

15 Modificación da rotulacións dos espazos do centro derivadas da fusión dos departamentos.

16 Incorporación na Web institucional dun espazo para visibilizar e enlazar as webs dos grupos de investigación de ciencias da educación con sede na Facultade.

17 Negociación con Xerencia e o decanato da Facultade de Enfermaría da recuperación do servizo de reprografía no campus Norte.

- Negociación con Xerencia da incorporación de servizo de comida na cafetería do campus norte na nova concesión do servizo.

- Denominación, a proposta do PAS do campus norte, da Aula Magna 12 do edificio do campus norte como Aula “Profesor Xulio Rodríguez López”.

Liña de actuación 7.

Divulgación, extensión cultural e normalización lingüística

A Universidade de Santiago de Compostela, a través dos seus centros e servizos, situase como a institución cultural de maior relevancia de Galicia. Ofrecemos á sociedade non só docencia e investigación senón que somos depositarios dun valioso patrimonio cultural e artístico. Como educadores/as ademais temos unha responsabilidade na promoción, o desenvolvemento de valores de respecto e o recoñecemento da cultura en todas as súas formas e manifestacións. Seguimos pensando que o paso pola universidade do noso alumnado debe configurar unha experiencia enriquecedora e equilibrada de desenvolvemento persoal e profesional e, no noso centro especialmente, debe supoñer para todos/as (profesorado, alumnado e PAS) unha forma de contacto, desfrute (educación para o ocio) e apertura á cultura e a arte en todas as súas formas, tendencias e manifestacións, desde as máis tradicionais as máis emerxentes. Por iso, entendemos esta liña de actuación como unha liña transversal que debe continuar percorrendo e manifestándose en todos os ámbitos do centro. Afortunadamente, ademais do conxunto de servizos e actividades promovidas polos servizos centrais da universidade, contamos para isto no centro con especialistas de recoñecido prestixio no mundo das artes plásticas, a música, a danza, a literatura, o patrimonio cultural galego, a xeografía e o territorio e a divulgación científica que no período 2014-18 contribuíron notablemente coa oferta de extensión do centro..

Unha especial atención merece a nosa lingua e cultura propia, máis se cabe en tempos nos que ata o dereito o noso patrimonio cultural se pon en dúbida. Temos a responsabilidade de preservalas e máis se cabe aínda nun momento de rápido retroceso que se manifesta xa nas prácticas lingüísticas e preconcepcións coas que chega o noso alumnado ás aulas. O noso centro continúa a ser un dos centros de referencia da USC neste ámbito e debemos continuar nesa dirección. A promoción do uso da nosa lingua nas aulas, a elaboración e difusión das nosas producións e materiais en galego, a divulgación e coidado do noso patrimonio, a proxección da facultade na cidade e nas pequenas vilas próximas e a vinculación constante coas institucións socio-culturais da nosa contorna deben ser un trazo que nos siga caracterizando. Para isto no 2014 propoñemos 14 medidas nas que cumpre continuar traballando coa mesma intensidade:

1. Promover e manter relacións fluídas e actividades coordinadas coas institucións e asociacións culturais da contorna.

BALANCE: O volume e calidade das actividades organizadas pola Comisión de cultura e normalización lingüística do centro foi moi elevado implicando relacións e coordinacións con múltiples institucións e asociacións, entre elas destacamos:

Unión Romaní; Asociación INGAFID; Asociación Amipa, Grupo Climántica, Asociación Arelas, Asociación Ultraia, Asociación Amizando, Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional; Fundación INGADA; Asociación de Profesores de Expresión e Comunicación Visual; Grupo C3; Asociación de Persoas Xordas de Galicia; Asociación ASPACE de A Coruña; Policía Nacional: Atención ao Cidadán de Santiago de Compostela; Asociación Cultural de Raiceiros; Asociación de país de discapacitados psíquicos de Bergantiños; Escola Municipal do Concello de Santiago; Nova Escola Galega; Observatorio da Mariña pola Igualdade ou Médicos sen fronteiras, entre outras.

2 Dinamizar a comisión cultural e implicar ao alumnado na organización e desenvolvemento de iniciativas en función dos seus propios intereses e demandas.

3 Organizar charlas/conferencias/mesas redondas sobre temas de actualidade que permitan xerar debate e opinión no centro.

4 Organizar ciclos de cine, literatura e música como ferramentas educativas

BALANCE: A comisión de Cultura e Normalización Lingüística (fusión da Comisión de Actividades Culturais e da Comisión de Normalización Lingüística) reuniuse entre tres ou catro veces ao ano. A finalidade é organizar a programación de actividades educativas, culturais, sociais e de normalización da cultura e lingua galega de carácter extracurricular que sexan de interese para o conxunto da Facultade para o curso correspondente. Para isto, elaborase un calendario de actividades por curso académico a partir das propostas dos membros da comisión e dos membros da Facultade. O número de actividades desenvoltas pola Comisión por curso académico foron as seguintes:

2014-15: 14 actividades

2015-16: 9 actividades máis 42 actividades da semana da educación. Total 51

2016-17: 29 actividades

2017-18: 21 actividades

Destácase tamén a inclusión na programación anual a proposta do equipo decanal dunha actividade monográfica que conta xa con tres edicións de gran repercusión no tecido asociativo e entre os profesionais da educación que é a “Xornada sobre diversidade sexual desde a educación: una oportunidade para Trans*formar a sociedade” que se sitúa xa como unha referencia da temática no contexto galego.

A maiores desde a dirección do centro axúdase e colabórase activamente con todas aquelas actividades promovidas por outros membros da Facultade ou de iniciativa externa que poden ser de interese para a comunidade académica.

5 Informar e impulsar a participación dos membros da facultade (alumnado, profesorado e PAS) nas actividades de divulgación e extensión cultural do centro e da USC.

BALANCE: Todas as actividades de divulgación e extensión cultural do centro e da USC difúndense a través da Web, do Facebook da Facultade, das pantallas e das aulas de coordinación dos títulos, garantindo o seu coñecemento por todos os membros do centro.

6 Colaborar coa Aula de Teatro da USC e promover e difundir a actividade do grupo de teatro da facultade (ciclo/certame de teatro).

BALANCE: Nos cursos 2014-15 e 2015-16 intentouse potenciar o grupo de teatro da facultade sen éxito a través de diferentes iniciativas. Contactouse co alumnado de educación social e desenvolveuse un taller piloto. O grupo de teatro non tivo continuidade.

7 Impulsar o desenvolvemento/participación dos membros da facultade (alumnado, profesorado e PAS) en actividades saudables que nos permitan xerar espazos de convivencia na facultade (educación para a voz, rutas organizadas polo servizo de deportes ou a Fundación USC deportiva).

BALANCE: Todas as actividades de divulgación e extensión cultural do centro e da USC difúndense a través da Web, do Facebook da Facultade, das pantallas e das aulas de coordinación dos títulos, garantindo o seu coñecemento por todos os membros do centro.

8 Promover foros de intercambio de profesorado e alumnado que participe nos programas de mobilidade ou realice estancias no estranxeiro de forma que permita coñecer outras realidades desde o punto de vista cultural e educativo e promover a mobilidade e internacionalización no noso centro.

BALANCE: Acción non iniciada pero de carácter estratéxico para impulsar a mobilidade do noso alumnado. En curso.

9 Promover intervencións artísticas na facultade coordinadas polo profesorado do Departamento de Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal.

BALANCE: Compre agradecer o traballo constante do profesorado da área de didáctica da Expresión Plástica na elaboración de intervencións artísticas no edificio do campus norte que permiten non só a realización de propostas educativas significativas para o alumnado, senon tamén mellorar cualitativamente a imaxe do noso centro.

10 Colaboración co Servizo de Normalización Lingüística da USC no desenvolvemento de campañas de promoción uso do galego nas aulas, así como en todas aquelas iniciativas en materia de normalización lingüística posta en marcha na USC.

BALANCE: A facultade continúa difundindo a actividade e colaborando co Servizo de Normalización Lingüística da USC en todas as actividades que organiza e poden ser de interese para a nosa comunidade. Nos vindeiros meses o SNL presentará no centro as ferramentas lingüísticas que ofrece o servizo.

11 Convocatoria e difusión dos premios á calidade e á excelencia lingüística no centro.

BALANCE: Todas as actividades de divulgación, extensión cultural e normalización lingüística difúndense a través da Web, do Facebook da Facultade, das pantallas e das aulas de coordinación dos títulos, garantindo o seu coñecemento por todos os membros do centro.

12 Promoción e organización de experiencias de dinamización lingüística entre os membros da facultade e coa contorna.

13 Organización de conferencias e mesas redondas sobre a situación da lingua galega no sistema educativo e na sociedade.

14 Difusión e promoción da elaboración de recursos educativos en galego.

BALANCE: En relación a estas tres propostas que teñen carácter estratéxico para a Facultade, polo tanto terán continuidade no período 2018-2022, destácanse as seguintes accións desenvolvidas:

- Mantense anualmente e apóianse Xornadas de recursos educativos en galego.
- Publícanse na web da Facultade as estatísticas do uso do lingüístico dos docentes nas nosas titulacións.

- Esta programada unha xornada sobre o uso da lingua galega na facultade no inicio do 2019.

EQUIPO E ESTRUCTURA DE GOBERNO (PERSOAS E FUNCIONES)

Todo isto require persoas comprometidas (equipo e comunidade) e un liderado forte.



DECANA

Profa. Dra. Dna. Carmen Fernández Morante



SECRETARIA

Profa. Dra. Dna. Cristina Abeal Pereira (que asumirá as competencias de Infraestruturas)



VICEDECANA DE TITULACIÓN, PRÁCTICUM E RELACIONES INSTITUCIONAIS

Profa. Dra. Dna. Maria José Méndez Lois



VICEDECANA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E ECONOMÍA

Profa. Dra. Dna. Josefa del Carmen Fernández



VICEDECANO DE ESTUDANTES, MOBILIDADE E CULTURA

Prof. D. Martín Leranoz Iglesias



VICEDECANATO DE COORDINACIÓN DO MÁSTER DE PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS

Profa. Dra. Dna. Belén Castro Fernández

**BALANCE E ACTUALIZACIÓN DAS LIÑAS PROGRAMÁTICAS DO DECANATO
DA FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA O PERIODO 2018-2022**

CANDIDATURA Á REELECCIÓN COMO DECANA DA **PROFA. DRA.**

CARMEN FERNÁNDEZ MORANTE



FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN